

CONCURSO DE LECTURA
“O LIBRO QUE LIN NO VERÁN”.

O club de lectura “ O niño do Brión” do IES VAL MIÑOR convoca o *I concurso escolar de lectura: o libro que lin no verán*, de acordo as seguintes **BASES**:

- a) DESTINATARIOS: poderán participar todos os alumnos e alumnas do IES VAL MIÑOR e as nais, pais ou titores legais de alumnos/as escolarizados no noso centro educativo.

Existirán catro niveis:

Nivel I: futuros alumnos de 1º da ESO e alumnos e alumnas que estiveron matriculados en 1º e 2º da ESO no presente curso.

Nivel II: alumnado de 3º e 4º da ESO.

Nivel III: alumnado de 1º e 2º de Bacharelato.

Nivel IV: nais, pais e titores legais.

- b) TEMA:

Cada alumno ou alumna/pai,nai ou titor legal deberá enviar un AUDIO (duración máxima: 1 minuto) dunha páxina do libro que lera durante o verán (sirve calquera tipo de xénero).

- c) FORMA DE PRESENTACIÓN:

Os audios deberán presentarse no seguinte enderezo electrónico:

bibliotecavalminor@gmail.com

d) A audio-lectura pode ser en galego ou en castelán. Valorarase a fluidez e a expresividade da lectura.

- e) PRAZO DE ENTREGA: dende o **01/07/2021 ata o 30/09/2021**

f) Premios: serán produtos tecnolóxicos e bibliográficos.

g) O XURADO estará formado por un grupo de persoas vinculadas á biblioteca, darase a coñecer na segunda quincena do mes de setembro. O seu fallo será inapelable.

h) O fallo do xurado farase público na primeira semana do mes de novembro.

- i) Na páxina web do IES divulgarase o nome dos premiados/as e as súas audio-lecturas.

Nigrán, a 18 de xuño de 2021.